



**7ª QUENDA DE ACTIVIDADES  
PERÍODO DE SUSPENSIÓN PRESENCIAL POLO CORONAVIRUS**

**CURSO 3º ESO A**

**MATERIA: BIOLOXÍA e XEOLOXÍA**

Nesta quenda tedes que realizar a tarefa “O caixón das medicinas”, que aparece na seguinte ligazón:

- [https://drive.google.com/file/d/1GYPrzqJPDa7YiZRXJMcq\\_rVJQunWk2k7/view?usp=sharing](https://drive.google.com/file/d/1GYPrzqJPDa7YiZRXJMcq_rVJQunWk2k7/view?usp=sharing)
- Cando teñades a tarefa feita, debedes enviarlla por correo electrónico á profesora antes do día 14 de xuño de 2020 á seguinte dirección: [guiomarvn@gmail.com](mailto:guiomarvn@gmail.com)
- Para calquera dúbida, enviar un correo electrónico ou facer unha videochamada a través da aplicación Hangouts.

**MATERIA: CULTURA CLÁSICA**

Materia Cultura Clásica:

- O profesor enviará ós alumnos, o martes 9 de xuño pola mañá, as instrucións polo correo electrónico usual [dangarcán@hotmail.com](mailto:dangarcán@hotmail.com) e polo grupo de whatsapp.
- As dúbidas e consultas ó profesor pódense plantexar tanto por correo como por whatsapp.

**MATERIA: EDUCACIÓN FÍSICA**

Bos días rapaces e rapazas,

espero que neste final de curso raro e na volta á “normalidade” vaia todo ben.

Coa finalidade de mellorar aspectos do proceso de ensino/aprendizaxe e á vez contar coa vosa opinión, o Departamento de Educación Física (Cristina, Eduardo e Dani) gustaríanos ler a vosa crítica construtiva sobre este “curso especial” : actividades realizadas no pavillón, material empregado, clima de aula entre compañeiros e compañeiras, relación có profesorado, tarefas levadas a cabo no período de confinamento,... así coma calquera comentario que queirades facer.

A crítica é totalmente voluntaria, podedes poñer o nome e apelidos ou simplemente o curso no que estades. Tedes de prazo para enviala ata o 28 de xuño ao seguinte correo:

[danielortegaiglesias@yahoo.es](mailto:danielortegaiglesias@yahoo.es)

Un saúdo e grazas de antemán

**MATERIA: FÍSICA E QUÍMICA**

Correo electrónico de contacto coa profesora: [loli.meirino.castro@gmail.com](mailto:loli.meirino.castro@gmail.com)

A profesora enviará coa suficiente antelación, o material necesario para traballar contidos de repaso da materia.

### MATERIA: FRANCÉS

- Consultade o voso correo electrónico, tendes as tarefas a realizar. Para calquera dúbida: [cristinatitoria@gmail.com](mailto:cristinatitoria@gmail.com)

### MATERIA: INGLÉS

- Premede na ligazón e seguides as indicacións:  
[https://docs.google.com/document/d/1I2Y5\\_5vIw4B1cnfZL2QjVQyYW6-K6zoLAOHa5GB3vQw/edit?usp=drivesdk](https://docs.google.com/document/d/1I2Y5_5vIw4B1cnfZL2QjVQyYW6-K6zoLAOHa5GB3vQw/edit?usp=drivesdk)

### MATERIA: LINGUA CASTELÁ

- **Información enviada por correo electrónico con todas as actividades, material e indicacións para esta quincena.**

### MATERIA: LINGUA GALEGA

- Os alumnos de 3º de ESO que precisan recuperar xa teñen as súas actividades no correo electrónico, tarefas enviadas pola profesora o luns 8 de xuño de 2020.

### MATERIA: MATEMÁTICAS

- As tarefas propostas para esta 7ª quenda son actividades de autocorrección de exercicios realizados en anteriores quendas así como actividades específicas de recuperación para alumnado que así o precise. Os exercicios resoltos para realizar as autocorreccións seránlles enviados ó seu correo persoal e estarán tamén na carpeta <https://drive.google.com/open?id=1U1brEhOK8MqupsM-Nyq5JClFawMXfXIP> na subcarpeta 7ª quenda, e na de exercicios resoltos. As actividades de recuperación serán individuais e seránlles enviadas ós alumnos/as que as teñan que realizar ó seu correo persoal, así coma o prazo para realizalas.
- As actividades de recuperación, que poden incluír autocorreccións de actividades xa realizadas, teñenas que enviar escaneadas ou fotografiadas á [ticschivite13@gmail.com](mailto:ticschivite13@gmail.com) nos prazos indicados. De ter algunha dúbida dirixirse a dito correo.

### MATERIA: MÚSICA

- Se non enviaches algunha tarefa, ponte ó día.

### MATERIA: RELIXIÓN CATÓLICA

Última semana para entregar as tarefas feitas durante o confinamento.

Mándovos un enlace ao cuestionario para **avaliar** a práctica docente. Estará aberto ata o día 18 de Xuño. Grazas por todo.

[https://docs.google.com/forms/d/e/1FAIpQLSd6tp36IGjC62Wf7sC99d0c-oNO4pS3FkecScOGxvnX5KPB4A/viewform?usp=sf\\_link](https://docs.google.com/forms/d/e/1FAIpQLSd6tp36IGjC62Wf7sC99d0c-oNO4pS3FkecScOGxvnX5KPB4A/viewform?usp=sf_link)

### MATERIA: RELIXIÓN EVANXÉLICA


Rapaces, chegamos á recta final do curso, así que a tarefa para estas semanas será a de poñervos ao día en aquelas actividades que aínda non entregastes. Todas elas están no blog:

- <https://erechivite.blogspot.com>

Podedes mandar as tarefas ao correo [departamentoere@hotmail.com](mailto:departamentoere@hotmail.com)

## MATERIA: TECNOLOXÍA

1.- Realizar as vistas de ALZADO, PLANTA e PERFIL das seguintes pezas:



## MATERIA: VALORES ÉTICOS

Fai un resumo do que foi o curso este ano. Quéfixeche?, qué cousas cambiarías ou farías de maneira distinta e cales che pareceron interesantes. Trátase de facer unha valoración do ano, centrándose no último trimestre que foi tan atípico.

Tedes ata o día 16.

## MATERIA: XEOGRAFÍA E HISTORIA

Ola alumn@s de 3º de ESO, chegamos a derradeira quenda. Imos ver o tema 14 (A Europa do século XVII) onde o máis importante que quero destacar é que mentres sucedía o declive do Imperio hispánico, estudado no tema anterior, empezaban a destacar en Europa dúas nacións, por unha parte **Francia**, exemplo perfecto de monarquía absoluta (evolución da monarquía autoritaria anterior), e por outra **Inglaterra** que neste século, grazas a dúas revolucións (1642-49 e 1689), consegue que o poder do rei pase a estar controlado polo Parlamento, primeiro paso, cen anos antes, da futura Revolución Francesa que, pasiño a pasiño, acabará para sempre, durante o século XIX, coas todas as monarquías absolutas europeas.

### TEMA 14:

- Lemos moi lentamente as seguintes páxinas: da 282á 285, e a 288 e 289.

- Facemos as seguintes actividades: 1 e 2 da páxina 283; 1, 2, 4 e 7 da páxina 285 (a 7 apúntoa eu e di: “Explica en que consiste o domestic system”); e 2, 3 e 4 da páxina 289.
- O máis importante deste tema é o seguinte: das páxinas 284 e 285, **todo**; das páxinas 288 e 289, os apartados **As revolucións inglesas do século XVII** e **Como funcionaba o parlamentarismo inglés?**
- O vocabulario e os conceptos máis importantes, que debemos tamén facer no caderno pequeno, son: 1-**Traballo a domicilio**, 2-**Mercantilismo**, 3-**Declaración de dereitos de 1689**, 4-**Sufraxio censatario**.

**ESTAS ACTIVIDADES DEBEREDES ENVIARMAS AO MEU EMAIL COMO DATA TOPE O PRÓXIMO MARTES, DÍA 16 DE XUÑO, ÁS 14:00 HORAS.**

Calquera dúbida que teñades ou calquera consulta ou aclaración que precisedes enviádema ao email: [juanguerra@edu.xunta.es](mailto:juanguerra@edu.xunta.es)

Sáudos e moito ánimo para tod@s